

Razón de guerra e tópico

Xosé Manuel Eyré

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2011 [2009]). “Razón de guerra e tópico”. *A Nosa Terra*: 1359 (14 de maio), 32. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/509>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2009). “Razón de guerra e tópico”. *A Nosa Terra*: 1359 (14 de maio), 32.

* Edición dispoñíbel desde o 17 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Razón de guerra e tóxico

Máquina de guerra

Autora: Raida Rodríguez

Edita: Estaleiro, 81 pp.

Ter unha panorámica máis ou menos xusta do estado dunha literatura implica necesariamente efectuar viaxes pola virtual xeografía da república dos tres www. Os autores consagrados cada día botan máis man

de internet para afondar na difusión das súas creacións, abrir bitácoras desde as que dialogar co lector (efectivo ou potencial) é xa práctica bastante común. Pola súa banda, os primeirizos tamén achan aquí unha maneira doada de dar a coñecer os seus traballos. Por non falar de casos nos cales internet inflúe, condiciona e anima o mesmo proceso de creación, lembremos o recente caso de *Construccións* (Eduardo Estévez, Positivas). Malia non faltaren exemplos de tentativas novelescas, ou mesmo de curiosas inicitivas teatrais, o certo é que é a arte poética a que máis e mellores resultados está a colleitar. Internet é unha porta aberta facilmente ultrapasábel por autores que doutro xeito nunca verían publicadas as súas cousas, si. Porén, ao seu carón, tamén se poden atopar títulos de moi notábel interese. Hoxe escollemos un, *Máquina de Guerra*, autoría de Raida Rodríguez Mosquera (1980, ourensá radicada en Catalunya), publicado por Estaleiro Editora (www.estaleiroeditora.org) baixo licenza Creative Commons; título do cal se pode seguir o ras-



tro da súa creación desde a bitácora da autora: Punto de fuga (puntodefuga.blogaliza.org).

A razón da guerra particular de Raida: a eterna tirapuxa entre o silencio e a palabra; ou, o que é case o mesmo, entre o ser e o non ser; ou entre entender e non entender; ou entre explicarse e ser percibido ou permanecer entre as vulgares fronteiras do anódino. Recoñécese, pois, de primeiras, que a poesía de Raida nace dunha intensiva esculca interior; é unha expresión lírica... mais nada sentimental. Pois o lirismo, a esculca interior, é, fundamentalmente, de índole existencial. Tamén non do existencialismo clásico (quen son?, que fago aquí? senón doutro máis posmoderno, tan dramático ou máis que o clásico e porén (aínda) menos traxicamente pesimista. Seguramente poetas desta estirpe non concordarán doadamente con nós. Explicáremonos, mais non queremos continuar sen indicar que este tipo de lirismo non é para nada o convencional baleirado interior de verborrea sentimentaloido. Esta esculca reflicte unha loita interior, mais non se expresa en clave de sentimentos individuais, senón moi preto da categorización da dialéctica nos termos expresados no inicio deste parágrafo. De xeito que o ámbito de aplicación non se reduce só á esfera individual da voz poética, senón que esta transparente ou actualiza unha cuestión existencial de carácter universal.

E explicámonos a razón do noso optimismo. A expresión da dialéctica entre a palabra (ou as posibilidades expresivas) e o silencio (o non ser) vehiculízase a través da xa tópica queixa, entre poetas vangardistas, sobre a imposibilidade por parte da lingua para transmitir o que a voz poética entende e quere compartir con nós. Entre a crítica diciáse que retorcián, que forzaban a linguaxe deica límites insospetábeis. Que acontece? Tanto se aburguesaron os/as creadores/as? Pois a noso ver resulta

doado de entender. Partamos da evidencia de que a linguaxe ten as súas limitacións, e que cada día as coñecemos mellor porque tamén cada día que pasa temos máis urxencia de significarnos no vórtice desta sociedade que ergue como bandeira a trivialización perenne e a permanente oda á sacralización do banal. Porén, nestes tempos nos cales aínda conviven dous tipos de mentalidade, de maneira de pensar e entender o mundo, o derivado da “modernidade” e o que xa supera aquela “modernidade” e que resulta mal coñecido aínda... pois neste estado de cousas hai algo certamente seguro: se ti pensas xa en parámetros posmodernos dificilmente a linguaxe pode reflectir o teu interior á maneira clásica. De aí a frustración ao non poderse expresar como un todo, senón como un sumatorio de fragmentariedades que inclusive poden chegar a ser contraditorias entre si. Mais desa frustración non ten culpa a linguaxe.

Se nos estendemos tanto nesta consideración é porque resalta o aspecto temático rexente ou director de todo do poemario de Raida Rodríguez. Mais, por suposto, a temática resulta independente da menor ou maior brillantez expresiva. E, no caso de *Máquina de guerra*, a expresión resulta particularmente potente, compacta. É unha poesía de ideas, inimiga convencida das protecnias verbais vacuas. Lírica de expresión e preocupación universal. Combativa, convencida e irreductíbel, na cal existen fidelidades inquebrantábeis como utopías e realidades á vez (país, lingua de expresión, solidariedade...) que non quedan na marxe. Unha poesía, por vontade e actitude de quen a crea, que desloca a tensión formale e reconverte en tensión argumentativa. Unha poesía certamente intersticial, pois tamén está moi próxima da filosofía, e, desde logo, tamén moi próxima dos mi-

correlatos.

De feito son a vontade e actitude emisoras as que decidiron presentar este tipo de escrita como poesía. E non quere dicir isto que sexa menos poesía, non se parece case en nada á poesía tradicional, e non pode ser observada nin xulgada desde os parámetros que da tradición herdamos. Quere isto dicir que calquera cousa serve na poesía vangardista? Non. Obsérvese a fondura e tensión do contido desta sintaxe interior desesperada. Se se relaxan, abocan ao fracaso. O que non se pode é ter a Manuel Antonio (como xa morreu...), a Ferrín ou Chus Pato (quen lles vai negar o admitido unanimemente?) como xenios... e abominar de voces potentes como a de Raida. ●

X.M. Eyre

NARRATIVA.

Prosa excesiva

Afila do filósofo

Autora: Elena Poniatowska.

Tradución: Varios tradutores.

Edita: Galaxia, 138 pp.

Elena Poniatowska é unha excelente xornalista mexicana de ascendencia polaca á que lle debemos un libro *La noche de Tlatelolco*— que foi fundamental para que moitas xeracións de lectores coñecesen a expresión do movemento estudantil da Praza das Tres Culturas en 1968 e, por extensión, a realidade mexicana daqueles anos. A editorial Galaxia e a Asociación de Escritores en Lingua Galega —que acaban de nomear a Poniatowska “es- >>>

